

**PUBLICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DEFINITIVA DO CONCELLO DE PONTEDEUME CONVOCATORIA SUBVENCIÓNS POR CONCORRENCIA COMPETITIVA A ENTIDADES DEPORTIVAS 2020**

Por medio do presente, publícase o Decreto da Alcaldía nº 190/2021, do 25 de marzo, cuxo texto se transcribe en extracto deseguido.

«...//.. **PRIMEIRO.** - CONCEDER as axudas ás seguintes entidades, polo importe de **37.418,50 euros** que se indica.

ENTIDADE	AXUDA SOLICITADA	TOTAL PUNTOS	AXUDA POR PUNTUACIÓN	AXUDA PROPOSTA
CLUB NÁUTICO FIRRETE	24,500,00	138	17.152,54	17.152,54
BALONMAN PONTEDEUME	8,019,13	43	5.344,63	5.344,63
ACORDES PONTEDEUME	6,722,88	34	4.225,99	4.225,99
SOCIEDADE DEPORTIVA EUMESA	2,020,57	48	5.966,10	2.020,57
FÚTBOL SALA PONTEDEUME	2,087,20	38	4.723,16	2.087,20
CLUB BALONCESTO PONTEDEUME	2,110,73	16	1.988,70	1.988,70
ADC MONTE BREAMO	7,223,00	37	4.598,87	4.598,87

**SEGUNDO.** - As persoas beneficiarias desta axuda deberán cumprir coas obrigas establecidas polas bases reguladoras e demais normativa de aplicación, en especial coa base 4ª das bases.

**TERCEIRO.** - As persoas beneficiarias da subvención deberán presentar a documentación xustificativa referida expresamente aos conceptos de gasto subvencionados, consonte establece a base 13ª, como data máxima, o 30 de abril de 2021.



**CUARTO.-** As subvencións concedidas notificaranse aos/as interesados/as de conformidade co disposto no art. 40 da Lei 39/2015 e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Ponte deume (na súa versión dixital e física) así como na BDNS

..//..»

**Segundo dispón a base 10ª das bases reguladoras e consonte o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, esta publicación servirá para os efectos da notificación ás persoas interesadas, significándolles que contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpoñer os seguintes recursos:**

**1.- Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.**

**2.- Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.**

**O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.**

En Ponte deume, asinado dixitalmente o 30 de marzo de 2021 pola Secretaria accidental, Eva Guerrero Rico.

